

Texto:

Atribuída competencia á Comunidade Autónoma para a declaración de urxente ocupación dos bens afectados por expropiacións forzosas en expedientes instruído polas Corporacións Locais, a tenor do previsto no apartado B) 4.3 do anexo I ao Real Decreto 3037/1982, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de Administración Local, resulta oportuno concretar a documentación a aportar polas Corporacións Locais que pretendan acollerse aos beneficios da urxente ocupación, en interpretación conxunta da lexislación vixente, co fin de acadar a maior uniformidade de actuacións e de imprimir a máxima celeridade na súa resolución, salvagardando á vez os dereitos dos cidadáns neste procedemento excepcional.

Na súa virtude, en exercicio das facultades conferidas polas Disposicións Derradeiras Primeira e Segunda do Decreto 138/1982, de 1 de decembro (D. O. G. do día 11), sobre asunción de transferencias en materia de Administración Local, posto en relación coa reestructuración iniciada polo Decreto 124/1983, de 15 de setembro e disposicións posteriores pertinentes.

Esta Consellería ten a ben resolver:

Primeiro.-

As Corporacións Locais que pretendan acollerse aos beneficios da urxente ocupación de bens afectados por expropiacións forzosas. en expedientes instruídos polas mesmas, remitirán á Dirección Xeral de Xustiza e Gobernación desta Consellería. -Subdirección Xeral de Administración Local- a documentación seguinte:

1. Escrito do Alcalde ou Presidente dirixido ao Conselleiro da Presidencia no que se solicita a declaración polo Consello da Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens de que se trate, cos efectos previstos no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.
2. Un exemplar do correspondente Proxecto Técnico, ou copia fidedigna do mesmo, con dilixencia estendida polo Secretario da Corporación acreditativa da súa correspondencia co do expediente administrativo da súa razón.

O devandito documento, xunto coa demais documentación preceptiva a tenor da lexislación específica, comprenderá en todo caso unha Memoria en que se inclúa relación detallada e valoración aproximada de terreos, construcións e demais bens que haxan de

ocuparse e, no seu caso, expropiarse, con arrego ao tenor do artigo 131 da Lei de Réxime Local. Na mesma relación expresarase o estado material e xurídico de cada un dos bens ou dereitos, os nomes dos propietarios ou os seus representantes, con indicación da súa residencia e domicilio, e os de cantos sexan titulares dalgún dereito ou interese indemnizable afectados pola expropiación.

Se o Proxecto non contivese a documentación a que se refire o párrafo anterior, suplirase pola elaborada para ese efecto como suplemento ao mesmo, que se someterá á mesma tramitación que a establecida para aquel.

3. Certificación do acordo ou acordos adoptados polo Pleno da Corporación prestando a súa aprobación ao Proxecto cos requisitos establecidos en cada caso por la normativa aplicable, e no seu caso. á documentación complementaria do mesmo.

4. Certificación do acordo do Pleno da Corporación polo que se decida interesar da Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e demais dereitos afectados por, a expropiación forzosa cos efectos previstos no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

Este acordo haberá de ser debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, no seu caso, xustifiquen o excepcional procedemento conforme ao establecido no artigo 43.1.a) da Lei de Procedemento Administrativo e tenor do 56.2 do Regulamento para a aplicación da Lei de Expropiación Forzosa.

. Se a urxencia da ocupación trae causa de motivacións técnicas, acompañarase igualmente testemuño do informe técnico que servirá de base ao acordo corporativo.

5. Certificación do resultado da información pública levada a efecto polos medios e prazos legalmente establecidos en cada caso específico, que en todo caso, non será inferior a quince días, tendo oído aos afectados pola expropiación de que se trate a tenor do disposto no artigo 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa.

Se se presentaron reclamacións xuntarase igualmente certificación ou testemuño auténtico das mesmas e do acordo adoptado ao respecto polo Pleno da Corporación.

6. Certificación acreditativa do plan ou programa en que, no seu caso, estea incluída a obra ou servizo de que se trate.

Segundo.-

No caso de que as obras do Proxecto afecten a execucións urbanísticas estarase á súa

regulación específica.

Será de aplicación o establecido no apartado primeiro desta Orde ás actuacións illadas en solo urbano, ás obras a que se refire o artigo 67.3 do Regulamento de Planeamento Urbanístico aprobado polo Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño e, en xeral, a aqueles supostos en que non proceda aplicar o sistema de expropiación da lexislación do solo acreditándose, en tales casos, os devanditos extremos e o axuste da tramitación á normativa aplicable.

Terceiro.-

Os órganos competentes da Consellería da Presidencia poderán interesar cantos outros antecedentes, datos ou informes estimen pertinentes en cada caso concreto.

Tal documentación interesarse. en todo caso, cando así o resolva o Consello da Xunta de Galicia ou o Conselleiro da Presidencia.